

Concello de A Merca	Nº. EXPEDIENTE:	Selo rexistro
----------------------------	------------------------	---------------

SOLICITUDE INSCRICION ACTIVIDADES

SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO

SOLICITANTE	DNI ou CIF	Nome e Apelidos	Teléfono	Fax	
	ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACION				
	Enderezo		Núm.	CP	
	Parroquia	Municipio	Provincia	Correo electrónico	

Neno Inscrito	DNI ou CIF	Nome e Apelidos	Data nacemento <input style="width: 100px; height: 20px;" type="text"/>
	OBSERVACIÓNS: (fágase constar toda aquela información de interese)		

SOLICITA:

ACTIVIDADES PARA A CAL SE ANOTA

DATA	SINATURA
A Merca, <input style="width: 100px; height: 20px;" type="text"/>	

AUTORIZACIÓN PAI OU REPRESENTANTES LEGAIS DO MENOR

FINALIDADE da Actividade na que participan os menores de idade: O Concello de A Merca, promove actividades no verán deste ano 2018. As actividades consistirán en xogos cooperativos, musicais, con auga; deporte, manualidades, excursións, xincanas, obra de repostería, etc., para nenos e xogos de cooperación. Para tal efecto este organismo recolle a súa autorización para a participación dos seus fillos ou menores ao seu cargo nas actividades referidas por medio da presente así como co formulario de solicitude para participar nas actividades de verán 2018.

A organización igualmente poderá realizar sobre o devandito programa difusión de información e publicidade a través de calquera medio escrito, prensa, televisión, radio e resto de medios de comunicación tradicionais así como a través da páxina web propia das entidades ou outras que a organización puidese manter no futuro e en redes sociais tales como Facebook, Youtube, Tuenti, Twitter e demais medios que poida ofrecer Internet. Para tal efecto poderá realizar as oportunas gravacións de vídeo e fotografías durante o desenvolvemento das distintas actividades.

RESPONSABLE: Ademais a organización, en cumprimento do previsto no Regulamento Xeral de Protección de Datos, polo que se regula o dereito de información na recollida dos datos, manifesta, como responsable do tratamento e destinataria da información, que os datos de carácter persoal declarados polo interesado serán utilizados coa finalidade de tramitar a súa solicitude para a participación do menor de idade ao seu cargo nas actividades do verán 2018 organizadas por Concello de A Merca, con CIF P3204800A, con domicilio para notificacións en Ctra. de Celanova, 3 - 32830 - A MERCA (Ourense).

DESTINATARIOS: Igualmente Vde. como responsable do menor ao seu cargo manifesta o seu consentimento expreso e inequívoco para que os datos indicados na presente autorización e na solicitude do programa de escola de verán sexan facilitados a terceiros segundo esixa a lexislación vixente, por exemplo a petición xudicial ou dos corpos de seguridade do estado, así como á empresa contratada "Rosa dos Ventos" con CIF J32433179 e domicilio en Rúa Cortiña das Pías, 1 32830 A MERCA (Ourense), para a execución das diversas actividades, co fin de ofrecer aos usuarios, participantes e menores ao seu cargo un servizo personalizado, garantindo o seu normal desenvolvemento.

LEXITIMACIÓN: Fun informado de modo expreso, preciso e inequívoco, de que os datos persoais reproducidos e recollidos nesta solicitude, sendo veraces, poidan ser tratados igualmente polos devanditos organismos na prestación destes servizos.

DEREITOS: Ao mesmo tempo poñemos no seu coñecemento que pode exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos recompilados e arquivados. O exercicio destes dereitos poderá efectuarse, dirixíndose por escrito a Concello de A Merca, Ctra. de Celanova, 3 - 32830 A MERCA (Ourense), ou mediante correo electrónico certificado a: "concello@amerca.es", que deberá acompañar en ambos os dous casos, de fotocopia de documento nacional de identidade, data, sinatura e dirección para os efectos de notificacións.

DATA	SINATURA
A Merca, <input type="text"/>	

AUTORIZACIÓN PAI OU REPRESENTANTES LEGAIS - USO DA IMAXE DO MENOR

Todo iso e aos fins expostos

- **AUTORIZO** presto o meu consentimento a través desta autorización por escrito e de forma expresa en caso de que se utilizase a imaxe do meu fillo/a ou menor idade ao meu cargo, nos termos expostos máis abaixo.

De conformidade coa lexislación vixente, en relación á protección do dereito á honra, intimidade e propia imaxe dos menores de idade na utilización de imaxes dos menores en medios de comunicación é preceptiva a autorización dos seus representantes legais. A tal fin a presente autorización que en ningún caso implica un menoscabo ou deterioración da honra, dereito de imaxe ou reputación nin é contraria aos intereses do menor, ten como obxectivo solicitar por escrito o consentimento do representante legal do menor, aos fins e usos indicados así como a autorización da participación do menor de idade ao seu cargo nas actividades de verán (segundo a presente autorización como a través do formulario de solicitude do programa de actividades de verán que se acompaña).

Sendo consciente de todo o anterior de xeito expreso e inequívoco Vde. autoriza ás entidades que participan na organización das actividades de verán, á captación, gravación ou fixación da imaxe e voz durante o desenvolvemento da actividade que o seu fillo/menor de idade ao seu cargo participa, cedendo asemade o dereito a reproducir total ou parcialmente a súa imaxe e/ou voz a través de calquera procedemento e/ou medio, tanxible ou intanxible, on line ou off-line en calquera forma de comunicación que a organización puidese utilizar autorizando expresamente os usos publicitarios das imaxes nas que seu fillo/menor de idade ao seu cargo apareza, sen que por iso se realice ningún menoscabo ou deterioración da súa honra, dereito de imaxe ou reputación nin ser contrario aos seus intereses. O prazo de cesión dos dereitos de imaxe e voz será por tempo indefinido e sen límite no seu ámbito territorial.

DATA	SINATURA
A Merca, <input type="text"/>	